



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de novembro 2009

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE NOVIEMBRE 2009



1.- Resumo

Mes cálido e moi húmido

O mes de novembro caracterizouse pola persistencia de situacións de baixas presións e ventos do cuadrante suroeste. Esta situación deixa un tempo caracterizado pola alta humidade, suaves temperaturas e copiosas chuvias, o que fai que durante estes 30 días se acumulase unha cantidade de chuvia superior á media normal e que as temperaturas tamén estivesen por riba da media, principalmente debido ó valor das temperaturas mínimas. De feito, o primeiro día do mes xa tivo estas características, con chuvias intensas toda a xornada, pero temperaturas suaves. Os seguintes días foron de chuvias máis febles ata o día 5, cando o paso dunha fronte deixou novamente chuvias intensas. No entanto, as temperaturas descenderan lixeiramente, pero volverían a recuperarse novamente a partir do día 6 coa chegada dun centro de baixas presións ata o área oeste de Irlanda, o cal enviou dende esa posición masas de aire húmido e temperado. A situación de temperaturas suaves e chuvias febles en xeral mantívose ata o día 11, cando unha nova fronte activa volveu a deixar chuvias intensas por toda Galicia.

A seguinte fronte activa chegou o día 15, sendo este o día máis chuvioso do mes, con puntos da provincia de Pontevedra e sur de A Coruña que superaron os 60 L/m² de chuvia acumulada en 24 horas. A partires da chegada desa fronte tivemos unha situación algo diferente entre as xornadas do 17 ó 19 con tímida entrada anticiclónica, ceos máis despexados, apenas chuvias, pero caída nas temperaturas. Pero a situación anticiclónica persistiu moi pouco tempo e rapidamente as baixas presións volveron a entrar en Galicia deixando entre o 20 e o 22 tres xornadas de temperaturas suaves e chuviosas, situación que volvería a repetirse entre o 25 e o 28. Nas derradeiras horas do 28, unha fronte fría moi activa atravesou Galicia traendo unha masa de aire frío que ocasionou a aparición de nevaradas por riba dos 800 metros nas dúas seguintes xornadas.

Temperaturas:

As temperaturas promedio sitúanse por riba do normal nun mes de novembro. Esta tendencia ven marcada principalmente polos valores mínimos das temperaturas, que foron moi superiores ós valores normais. Isto foi debido á persistencia de días con moita nubosidade e ceos cubertos, que impedían o descenso dos termómetros. Baste dicir como exemplo que en ningunha das cidades galegas rexistráronse xeadas neste mes, cando, por exemplo, en Lugo o promedio de xeadas en Novembro é de 5.

Chuvias:

O mes pode considerarse moi chuvioso en toda Galicia. Pero non soamente as cantidades recollidas estiveron por riba da media, senón que o número de días de chuvia tamén está por riba do normal. O exemplo máis chamativo atopámolo en Pontevedra, onde na estación de Lourizán tivemos 25 dos 30 días do mes con chuvias superiores a 1 L/m², cando a media é de 13.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI) (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

CIS FERROL

	NOVEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.9	13.1	15.2 (1983)	11.5 (1976)
Tª mínima media	11.4	10.3	12.4 (1983)	8.9 (1976)
Tª mínima absoluta	6.7 (día 29)	3.4 (21/11/1993)		
Tª máxima media	16.2	15.9	18.7 (1981)	14.0 (1976)
Tª máxima absoluta	20.2 (día 13)	25.0(20/11/1995)		
Precipitación acumulada	228	103-122	297 (2003)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	23	14	25 (1997)	1 (1981)

Comentario:

*Mes **cálido**, destacando especialmente as altas temperaturas mínimas.*

*Precipitación por riba do normal, catalogándose o mes como **moi húmido**. O número de días de chuvia foi un 60% superior aos valores medios para este mes.*



SANTIAGO

	NOVEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.7	11.5	13.9 (1983)	10.1 (1985)
Tª mínima media	9.4	7.9	10.5 (1983)	6.0 (2001)
Tª mínima absoluta	3.9 (día 18)	-2.0 (28/11/1985)		
Tª máxima media	14.1	15.1	17.7 (1988)	13.6 (1984)
Tª máxima absoluta	18 (día 1)	24.7 (07/11/2003)		
Precipitación acumulada	275	170-267	475 (2000)	16 (2001)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	23	16	26 (2000)	3 (2001)

Comentario:

Mes con **temperaturas medias normais**, con mínimas por riba dos valores normais e as máximas por debaixo.

En canto a precipitación, o mes considérase **húmido**. O numero de días de chuvia foi un 40% superior aos valores medios para este mes.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003)

LUGO

	NOVEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.2	9.2	11.9 (1992)	6.6 (1980,01)
Tª mínima media	7.0	5.5	8.9 (1992)	2.3 (1973)
Tª mínima absoluta	1.6 (día 19)	-5.0 (23/11/1988)		
Tª máxima media	13.7	12.9	15.6 (1978)	9.7 (1980)
Tª máxima absoluta	19.6 (día 1)	23.0 (03/11/1981)		
Precipitación acumulada	172	95-109	247 (2000)	2 (1981)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	21	13	26 (2000)	1 (1981)

Comentario:

Mes con temperaturas **moi cálidas** respecto aos valores normais.

A precipitación rexistrada fai que o mes sexa catalogado como **moi húmido**. O numero de días de chuvia foi un 60% superior aos valores medios para este mes.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	NOVEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.2	12.0	14.3 (1983)	9.9 (1976)
Tª mínima media	10.2	7.4	10.4 (1983)	5.2 (1976,99,01)
Tª mínima absoluta	4.1 (día 30)	-0.8 (26/11/1976)		
Tª máxima media	16.3	16.5	19.9 (1981)	14.6 (1976)
Tª máxima absoluta	19.7 (día 1)	26.3 (02/11/1987)		
Precipitación acumulada	263.5	159-223	480 (1997)	1 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	25	13	25 (2000)	0(2001)

Comentario:

Mes con **temperaturas cálidas**, destacando os altos valores da media das mínimas (case 3°C por riba da media).

En canto á chuvia, mes **húmido**. O numero de días de chuvia foi un 90% superior aos valores medios para este mes. Igualouse o record da serie, que estaba no ano 2000.

OURENSE

	NOVEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.3	10.8	13.9 (1983)	9.0 (1973)
Tª mínima media	9.2	6.1	9.5 (1983)	2.1 (1973)
Tª mínima absoluta	4.3 (día 30)	-6.8 (24/11/1988)		
Tª máxima media	15.7	15.5	18.2 (1983)	13.3 (1980)
Tª máxima absoluta	23 (día 1)	24.4 (04/11/1988)		
Precipitación acumulada	154.5	63-99	240 (1997)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	16	10	24 (1997)	0 (1981)

Comentario:

Mes **moi cálido**, debido ás altas temperaturas mínimas para este mes.


Nas precipitación, o mes foi **moi húmido**. O numero de días de chuvia foi un 60% superior aos valores medios para este mes.



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presións a nivel medio do mar **Novembro 2009**






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

Anomalías de xeopotencial de 500 hPa.
Novembro 2009






3.3.- Temperatura media das máximas





3.4.- Temperatura media das mínimas



Tmín -- 11/2009

www.meteogalicia.es



3.5.- Chuvia acumulada (litros/m²)

